

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 22 de agosto de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Montirón, número 47 e para rehabilitación de edificio tradicional (uso de cuadras e anexos) para vivenda unifamiliar, así como, demolición de edificio anexo destinado actualmente a vivenda, no núcleo rural tradicional de mazoi, parroquia de Santa Baia de Mazoi.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, S.A., -Acuanorte- e o Concello de Lugo para a "Ampliación do sistema de abastecemento de auga a Lugo".

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Aprobación da II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a fundación laboral da construción para desenvolver accións formativas encamiñadas á capacitación de traballadores para rehabilitación de espazos públicos, en concreto en traballos de pedra -2011-2012

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg35.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-8-2012

- Solicitude á Consellería de Traballo e Benestar de subvención para o obradoiro de emprego denominado “Escola rural de Pedreda”, para a restauración da antiga casa escola da parroquia de San Vicente de Pedreda.

Lugo, 29 de agosto de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García